



EXPRESIÓN ARTÍSTICA 4ºESO

A materia de Expresión Artística favorece a experimentación coas principais técnicas artísticas e o desenvolvemento da capacidade expresiva e da creatividade como medio de coñecemento e de resolución de problemas.

Busca dotar ao alumnado das destrezas e actitudes necesarios para comunicarse a través da expresión artística. Con este obxectivo, a materia presentase como un espazo dende o que estimular o desexo de expresar unha visión persoal do mundo a través de producións artísticas propias e de coñecer e acercarse e analizar as diferentes manifestacións artísticas a longo da historia.

Os contidos da materia encóntranse divididos en tres bloques:

Bloque 1. «**Técnicas gráfico-plásticas**», no que se traballaran e experimentaran as diferentes técnicas artísticas, tanto secas (debuxo a carbón, lapis de grafito, lapis composto, lapis de cores, ceras, pastel, bolígrafos ou rotuladores), como húmidas (tinta china, acuarela, acrílico ..), técnicas alternativas e mixtas (collage, frottage, grattage, decalcomanía, objet trouvé, dripping, assemblage), técnicas básicas de estampación e técnicas de modelado e de creación de volume.

Bloque 2. «**Fotografía, linguaxe visual e audiovisual**», estudaranse a linguaxe narrativa e audiovisual. Acercamento a fotografía mediante as leis básicas, análise crítica da linguaxe publicitaria, técnicas e formatos da fotografía...

Bloque 3. «**Debuxo técnico aplicado as artes plásticas e o deseño**» dota ao alumnado dun instrumento eficiente para comunicarse de maneira gráfica obxectiva e precisa, así como para desenvolver a visión espacial.